



Concello de Nigrán

BASES DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA TURÍSTICA "NIGRÁN, TODO O QUE BUSCAS" DO DEPARTAMENTO DE TURISMO DO CONCELLO DE NIGRÁN

O Concello de Nigrán convoca este Concurso coa finalidade de promocionar turísticamente o noso municipio a través de imaxes fotográficas que representen a singularidade e o atractivo dos nosos recursos turísticos. Establécese un procedemento aberto de participación, e unha forma de selección mediante concurso con intervención de xurado. O concurso rexirase polas seguintes BASES:

1. XUSTIFICACIÓN E OBXECTO

O sector turístico actual é enormemente competitivo entre destinos, e require dunha oferta integral de calidade en toda a cadea de produtos e servizos que entran en contacto cun visitante ó longo da súa experiencia vacacional. Pero ter éxito como destino tamén require dunha gran capacidade de persuasión, e de saber comunicar cales son as nosas virtudes e a nosa identidade para posicionarnos na mente dun visitante potencial e que nos considere como unha opción escollible.

A imaxe que nos represente debe seducir e espertar o interés de todo aquel que a observe, diferenciándonos doutros destinos dun modo atractivo e sintetizando a esencia dos nosos recursos turísticos. Para isto, expóñese un concurso que nos permita obter imaxes fotográficas, tendo presente que o seu obxectivo será o da utilización para a promoción turística do término municipal de Nigrán, a través de distintos soportes on-line ou impresos (páxinas web, redes sociais, guías, folletos, vallas publicitarias, material promocional de diversa índole, etc.).

2. PARTICIPANTES

O Concurso está aberto a todas aquelas persoas físicas (aficionadas ou profesionais) maiores de 18 anos que desexen participar, sen máis limitacións que as contidas nestas bases. Cada participante poderá presentar como máximo **unha proposta**.

3. CONVOCATORIA

Convocarase o concurso mediante os medios que se consideren máis oportunos para dar unha máxima difusión e facilitar a máxima participación como, por exemplo, tablón de anuncios do Concello de Nigrán, páxina web do municipio, prensa, mediante carteis, anuncios, etc. Así mesmo, poderase remitir ás asociacións que compoñen o tecido social local.

4. PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

As fotografías poderán presentarse dende o sábado 19 de marzo ata o luns 28, ambos inclusive, tomándose esta última data como límite para enviar as instantáneas. Todos os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos en medios impresos, calquera posible conflito con terceiras partes debido á propiedade intelectual do mesmo será responsabilidade exclusiva do/da concursante que presente a proposta.

Non serán admitidas obras que sexan plaxios doutros/as autores/as ou que poidan ser susceptibles de ser reclamados os seus dereitos de utilización por persoas ou institucións que poidan acreditar a súa propiedade. Non poderán presentarse obras que xa houberan sido ganadoras doutros concursos, nin que houberan sido previamente cedidas ou vendidas ao Concello de Nigrán.

As fotografías non poderán ser alteradas dixitalmente nin por calquera outro medio, non aceptándose fotomontaxes. Sí serán aceptadas as fotografías panorámicas, así como as correccións de luz e cor.

As obras deberán presentarse en formato dixital (.jpeg ou .tiff) en óptima calidade, non debendo superar o peso máximo do arquivo de 3 MegaBytes (Mb) e achegalas ben mediante unha mensaxe privada no Facebook de Turismo do Concello ou ben a través do Twitter citando a @ConcelloNigran.

A temática das obras presentadas versará sobre a riqueza turística do

término municipal de Nigrán, baixo o lema "Nigrán, todo o que buscas". Cada foto deberá titularse cunha razón/excusa pola que se visita ou debe visitar o municipio, ben sexa por un espazo, paisaxe, monumento, rúa, etc. que inspire unha sensación, garde unha experiencia ou teña un atributo positivo que determine o autor, e indicar tanto o sitio no que foi tomada como o nome e apelidos da persoa que a realizou.

As fotografías recompiladas irán subíndose, a medida que se reciban, a un álbum creado especificamente para o certame no perfil de Facebook da Concellaría de Turismo, de xeito que tanto as persoas participantes como os/as usuarios/as da Rede poidan velas, partillalas e contribuír así, a través dos seus distintos perfís sociais, á difusión dos atractivos do municipio.

5. INTEGRANTES DO XURADO E CRITERIOS

Por parte da Alcaldía e a proposta da Área de Turismo, designarase un xurado integrado por membros do Concello de Nigrán e por profesionais relacionados coa temática do concurso. O xurado terá en conta os seguintes criterios á hora de valorar as propostas:

- Calidade técnica e artística da proposta.
- Capacidade para comunicar visualmente e realzar o atractivo turístico de Nigrán, sobre todo, aquel máis descoñecido polo público.
- As paisaxes e os elementos arquitectónicos ou patrimoniais terán prevalencia sobre calquera outra proposta na que se dea prioridade ás persoas autoras da fotografía, véxase, "selfies" nos que non se aprecie o contexto paisaxístico no que foi realizada.

6.FALLO DO XURADO E ENTREGA DE PREMIOS

O xurado, unha vez finalizado o prazo de presentación de obras, reunirse e examinará as fotografías presentadas. O fallo do xurado comunicarase aos participantes e a través dos medios de difusión dispoñibles do Concello de Nigrán (web, redes sociais, prensa, etc.) para a entrega de premios que se celebrará no salón de plenos do Concello de Nigrán.

Será necesario que os premiados estean presentes á hora de recoller os

premios, salvo que exista impedimento físico ou inexcusable, neste caso, deberá delegar esta facultade nunha persoa debidamente acreditada ao efecto.

O fallo será inapelable, contra os acordos que adopte o xurado do concurso non procederá reclamación algunha, salvo que se teña constancia de ter vulnerado ou estipulado as presentes bases.

O xurado resérvase o dereito de declarar o premio deserto e convocar un novo concurso ou unhas novas bases ás que deberán presentar novos traballos.

6.PROPIEDAD INTELECTUAL

O Concello de Nigrán resérvase o dereito (non exclusivo) para reproducir as fotografías premiadas , sen límites temporais nin territoriais con fins de promoción de carácter turístico, en redes sociais, soportes informativos, así como expoñer de maneira libre calquera das imaxes.

7.PREMIO

Establécese un premio dun curso de surf ou dunha travesía de Paddle Surf para dúas persoas na escola Prazo Surf a consumir ao longo do presente ano 2016.

8.DEVOLUCIÓN

O Concello de Nigrán non terá ningún dereito sobre as imaxes que non resulten premiadas, nin poderá facer uso delas.

9.ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas estas bases e o fallo do xurado.